

## DECRETO DA ALCALDÍA

**ASUNTO: CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO XULLO 2019**

**EXPEDIENTE: 2019/G003/002108**

### **ANTECEDENTES:**

En virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1.c da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 78 do Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e en cumprimento do acordo plenario de organización da corporación local sobre periodicidade das sesións plenarias ordinarias,

### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Convocar **sesión ordinaria** do Pleno do Concello que terá lugar o vindeiro martes, día 30 de xullo de 2019 ás vinte horas e trinta minutos (20.30 horas), *conforme á sesión organizativa da nova Corporación Local do 2 de xullo de 2019, quedou acordado que cando a sesión plenaria ordinaria coincidira festivo a data concreta de celebración sería determinada na Xunta de Voceiros. Dado que a sesión ordinaria do mes de xullo coincide festivo (25 de xullo), en reunión de xunta de voceiros acordouse a súa celebración o martes día 30 de xullo, coa orde do día que se sinala a continuación:*

### **ORDE DO DÍA:**

#### **A) PARA DAR CONTA:**

- 1.- Dación de conta ao Pleno da Corporación dos decretos ditados pola Alcaldía dende a última sesión plenaria ordinaria.
- 2.- Dación de conta decreto liquidación 2018.
- 3.- Información periódica a render ao Pleno, correspondente ao 1º trimestre do exercicio 2019.
  - 1º. Execución do orzamento ao remate do 1º trimestre do exercicio 2019, en execución do acordo plenario de data 22/11/2018.
  - 2º. Período medio de pago, de acordo co previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo.
  - 3º. Información trimestral de morosidade.

#### **B) PARA DELIBERACIÓN E ACORDO:**

- 4.- Aprobación, se procede, de actas anteriores ( acta da sesión constitutiva do 15 de xuño de 2019 e da sesión de organización, do 2 de xullo de 2019).
- 5.- Aprobación do proxecto técnico de Mellora de Infraestruturas viarias de acceso e interiores do parque empresarial coa mellora do vial de acceso ao polígono do Milladoiro dende a estrada de Ventín-Coira.
- 6.- Aprobación modificación anexo investimentos orzamento municipal 2019.
- 7.- Autorización de compatibilidade para exercicio de actividade privada de Pilar Martínez Jiménez
- 8.- Autorización de compatibilidade para exercicio de actividade privada de María del Carmen Giadáns Dopazo
- 9.- Autorización de compatibilidade para exercicio de actividade privada de Amaury Quintero Consuegra
- 10.- Aprobación indemnizacións por asistencias a órganos complementarios
- 11.- Aprobación inicial modificación base de execución 41 do orzamento municipal 2019.

**C) MOCIÓN.**

**D) PARA CONTROL DO GOBERNO:**

12.- Rogos e Preguntas.

**Segundo.-** Comunicar ás/ós señoras/es concelleiras/os que os asuntos que haberán de tratarse na dita sesión atópanse a súa disposición para ser examinados na Secretaría Xeral a partir da data desta convocatoria.

No caso de non poder asistir á sesión plenaria, deberán acreditarlo con antelación suficiente ante esta Alcaldía.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes (artigo 46.2.c da Lei 7/1985, de 2 de abril) entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro).

**Terceiro.-** Notifíquese en forma axeitada á legalidade.

O alcalde

A secretaria

José M. Miñones Conde

Rosa Ana Prada Queipo